

Ex. CT982V 2009	Entidade solicitante	CIF	Investimento subvencionable (€)	Evento subvencionable	Subvención concedida (€)
43-4	Comisión de Festas da Orella	G36275212	4.911	Festa da Orella	2.900
72-4	Asoc. Acrobacias Pop	G94006020	55.000	Festival Lolapop 2009	6.000
60-4	Comerciantes de Ribadumia	G36538817	6.000	Promoción turística da comarca do Salnés	4.500
51-4	Asoc. Cult. A Eira	G36598720	2.150	Encontros interxeracionais	1.300

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 10 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), establece na súa disposición adicional cuarta, na que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da devandita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01072 polo importe de 2.389.064,00 euros, con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 2.715.625,69 euros.

Artigo 2º

Esta modificación non afectan o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día de súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Resolución do 13 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 6, do 9 de xaneiro de 2009) pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.

En cumprimento do disposto no artigo 19 da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercicio 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación (DOG nº 6, do 9 de xaneiro de 2009),

RESOLVO:

Que se publiquen as subvencións concedidas que se indican no anexo, cun importe total de 382.187,30 euros, con cargo á aplicación 48.01.321A.460.1 e de 87.442,41 euros, con cargo á aplicación 48.01.321A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009.

Cristina Ortiz Dorda
Secretaría xeral da Consellería de Traballo
e Benestar